

Día Universal da Infancia 2023

*CEIP Terra Chá
Román, Vilalba (Lugo)*

Imaxes tomadas de www.unicef.es




**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**



DEREITO Á VIDA

Cada neno ten dereito á vida. É responsabilidade dos gobernos asegurar que os nenos e nenas sobreviván, crezan e se desenvolvan acadando o seu maior potencial.


© UNICEF/Mrazikova



DEREITO Á SAÚDE

Todos os nenos e nenas teñen dereito á saúde. Durante o seu crecemento e desenvolvemento deben gozar do nivel máis alto posible e recibir atención médica sempre que a precisan.


© UNICEF/Kyaw Winn



DEREITO Á PROTECCIÓN

A violencia, os malos tratos, a explotación, os abusos... Son moitos os perigos que ameazan aos nenos durante os anos máis importantes da súa vida. O dereito á protección é esencial para que poidan crecer lonxe destas situacións..


© UNICEF/Aitaf Qadri



DEREITO Á EDUCACIÓN

Todos os nenos e nenas deben acceder a unha educación de calidade que lles permita desenvolverse física e mentalmente ata o máximo das súas posibilidades. Para iso, a educación primaria debe ser de balde e debe facilitarse o acceso á secundaria e á universidade.


© UNICEF/Palombi



DEREITO A UNHA IDENTIDADE


Nada máis nacer, o nome de todos os nenos e nenas debe ser inscrito nos rexistros oficiais. Se non consta nestes rexistros permanecerá invisible o resto da súa vida, o que dificulta a garantía do resto dos seus dereitos.

© UNICEF/Altan Qadri



DEREITO A UNHA INFORMACIÓN DE CALIDADE


Os nenos teñen dereito a obter información de diversas fontes como Internet, a radio, a televisión e os xornais. Os medios de comunicación cumpren unha importante función. Os adultos deben velar por que a información que reciben non sexa prexudicial.



DEREITO AO XOGO

Xogar, rir, soñar... Todos os nenos teñen o dereito de seguir sendo nenos durante toda a súa infancia. Por iso é moi importante que teñan tempo e oportunidades para o lecer e as actividades culturais.


© UNICEF/Palombi



DEREITO A EXPRESAR A SÚA OPINIÓN


Os nenos teñen moito que dicir, especialmente cando se vai tomar unha decisión que lles afecta directamente. Por iso teñen todo o dereito a expresar libremente a súa opinión e ser escoitados.

© UNICEF/Asselin

A close-up photograph of a child's hands writing on a white sheet of paper. The paper is resting on a dark wooden desk. A portion of a white laptop is visible in the upper right corner. The child is wearing a red shirt. The text is overlaid on the left side of the image.

DEREITO Á INTIMIDADE

Os nenos e nenas teñen dereito á vida privada. As leis deben protexer a privacidade dos nenos, da súa familia, do seu domicilio, da súa correspondencia e da súa reputación fronte a calquera ataque ou agresión.

A photograph showing the silhouettes of a group of children jumping with their arms raised in the air against a bright, cloudy sky. The branches of a tree are visible in the upper right corner. The text is overlaid on the bottom half of the image.

DEREITO Á ASOCIARSE

Os nenos poden formar grupos ou unirse a eles, sempre e cando os fins sexan pacíficos e respecten os dereitos das outras persoas.